

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Epifanio Campo S.L. solicita de Augas de Galicia un caudal de 8000 m³/ano de augas procedente dun pozo no lugar de Raxido, parroquia de Cabovilaño (San Román), Concello de A Laracha (A Coruña), con destino a uso industrial para a fabricación de ladrillo, tellas e produtos cocidos para construción. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: **DH.A15.89178**

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: Epifanio Campo S.L.

CAUDAL: 0,27 litros/segundo (medio no mes de máximo consumo)

Volume máximo anual: 8000 m³

ORIXE: pozo na parcela de referencia catastral 15042A008000730001LF

DESTINO: uso industrial para a fabricación de ladrillo, tellas e produtos cocidos para construción.

LUGAR: Raxido

PARROQUIA: Cabovilaño (San Román)

CONCELLO: A Laracha

Descrición:

A auga cáptase nun pozo de barrena na parcela 15042A008000730001LF e dende este bombéase a un depósito rectangular de 30×4,5m e 3,5 m de profundidade. A auga emprégase para uso industrial para a fabricación de ladrillos na parcela con referencia catastral 000200500NH38G0001PY.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de A Laracha ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Vicente Ferrer 2, 9º (A Coruña), onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 30 de xuño de 2023

O xefe do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)

Asinado por: RODRÍGUEZ ARIAS, NÉSTOR
Cargo: Xefe do Servizo Territorial Galicia-Norte
Data e hora: 30/06/2023 10:17:12

CVE: zWuRTmkSCPL8
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Zona Hidrográfica de Galicia Norte
R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar
15008 A Coruña
Tfno 981 182 530 Fax 981 182 532
dgn.augas@xunta.gal
<https://www.augasdegalicia.xunta.gal>

Nota: Solicítase que nos escritos dirixidos a este organismo relacionados co expediente citen a clave **DH.A15.89178**